PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 NOV. 2018
Núm. 12211

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas

1.1 36635 (10/POC-005825)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o contido das axudas convocadas pola Consellería do Mar, para o ano 2018, con destino ás confrarías de pescadores para a rexeneración dos bancos marisqueiros, a evolución que presentan nos últimos anos os espazos recuperados para o marisqueo e os obxectivos que está a valorar a Consellería do Mar ata o ano 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

1.2 36639 (10/POC-005829)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para potenciar o cultivo de mexillón, reforzando a súa rastrexabilidade e favorecendo a innovación no sector, de xeito que lle permita un óptimo aproveitamento dos fondos FEMP
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

1.3 38025 (10/POC-005998)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á impartición de certificados de profesionalidade marítimo-pesqueira na Mariña lucense, a organización dos cursos precisos e a creación dunha escola con ciclos formativos na materia, así como o estudo da posibilidade de ofertar a formación profesional dual desa rama na comarca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

1.4 38575 (10/POC-006058)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 NOV. 2018
Núm. 12211

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

1.5 39103 (10/POC-006131)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as demandas realizadas ou previstas pola Xunta de Galicia, diante da Comisión Europea e da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, en relación coa reforma do regulamento referido aos Fondos europeos do mar e da pesca, FEMP, e coa defensa da pesca artesanal galega, así como a súa opinión respecto das modificacións que se deben introducir
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

1.6 39183 (10/POC-006145)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar a situación de parálise na que se atopa o proxecto de ampliación do Colexio Xulio Camba, no concello de Vilanova de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018

1.7 39385 (10/POC-006178)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co nivel de utilización que presentan os contratos menores na contratación de obras por Portos de Galicia nos anos 2016 e 2017, as razóns da elección deste modelo de contratación e as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 12/11/2018 12:44:26